



Revista informativa da Unidade de Promoción e Desenvolvemento
Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo



Abril 2005

TRIBUNA

**TARXETA DE OCUPABILIDADE: UNHA FERRAMENTA
Ó SERVICIO DA INSERCIÓN LABORAL**

APUNTAMENTOS

**O PAPEL DAS ESCOLAS E OS OBRADOIROS NOS
PROGRAMAS DE DESENVOLVEMENTO RURAL**

Editorial

Unha nova etapa da revista Landra

Tribuna

Tarxeta de ocupabilidade: unha ferramenta ó servizo da inserción laboral

Escolas abertas

Axuntando esforzos de cara a inserción en Lalín

"A Segorella III": As particularidades dun obradoiro promovido por unha Mancomunidade

Obraquedobra

Charla co alumnado-traballador do Obradoiro de Emprego de "Cerdedo" sobre o traballo forestal en Galicia

Reflexións desde a propia experiencia. As mulleres no marco dun Obradoiro de Emprego

A rehabilitación da antiga Escola Unitaria da Pantrigueira

Apuntamentos

O plan de emprego experimental de Mos

O papel das escolas e os obradoiros nos programas de desenvolvemento rural

A incidencia do obradoiro de emprego no zoo de Vigo

landra

Revista informativa

Edita:

Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo

Unidade de Promoción e Desenvolvemento

Dirección:

Zara Pousa Arbones

Equipo editorial:

María Alonso Rey
Rosa Calvo Buxó
Julio López Walliser
Silvana Martínez Rodríguez
José Méndez Pardo
Marisa Otero Custodia
Mercedes Pousa Pereira
Francisco Gabriel Quintáns Ríos
Susana Rivadulla López
Berta Saavedra Fernández
Xulio Troitiño Dapena
Sonia Vila Carrizo

Colaboran neste número:

Alumnas O.E. de Cerdedo
Alumnas O.E. de Portas
Fernando Carballo Villar
Ana Belén Diz García
Purificación Ferro Varela
Ramón García Cordovés
Ana María González Mora
Dolores Piñeiro
Angela Pol Lis
Mario Soliño Millán

Unidade de Promoción e Desenvolvemento
Vía da Hispanidade, 17. 36203 Vigo

Teléfono: 986 423366
Fax: 986 4714 44

e-mail: updvigo@maiv.org
web: www.maiv.org/upd

Depósito legal: VG-129-2001

Imprime: Tórculo

Unha nova etapa da revista Landra

**Landra intenta
integrar e
cohesionar ós
distintos
colectivos
participantes en
tódolos
proxectos de
escolas obradoiro
e obradoiros de
emprego**

O novo proxecto de Unidade de Promoción e Desenvolvemento da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, que estará en activo ata novembro de 2006, integra de forma equilibrada e coordinada un conxunto de accións, que pretenden potenciar a dinamización do territorio en termos de desenvolvemento e mellorar os resultados das políticas activas de emprego que se executan. En definitiva, a UPD, pretende mellorar as posibilidades de inserción das persoas desempregadas a través da actuación e incidencia sobre os programas de desenvolvemento en xeral e sobre os programas de escolas obradoiro e obradoiros de emprego en particular.

Desde o ano 1999 a UPD veu realizando un traballo dinámico para o programa de escolas obradoiro e obradoiros de emprego

na provincia de Pontevedra. A súa actuación centrouse no asesoramento a entidades promotoras para a elaboración e deseño destes proxectos, asistencia técnica ós proxectos postos en marcha, deseño de accións formativas e materiais metodolóxicos de cara a mellora da inserción laboral dos participantes e a elaboración de instrumentos que facilitasen o intercambio de información, as relacións sociais e o coñecemento doutras experiencias.

Neste sentido un dos instrumentos cos que contou a UPD e o conxunto de proxectos de escolas e obradoiros executados durante estes anos, foi, entre outros moitos, a Revista Landra, publicación de carácter semestral que intenta integrar e cohesionar ós distintos colectivos participantes destes proxectos, desde o alumnado ata os equipos directivos e docentes, coas entidades e actores que manteñen relacións cos mesmos, como a propia entidade promotora, os técnicos de emprego, ou mesmo a Consellería ou a nosa UPD.

Editorial

*Exemplar da
revista Landra*

landra 

Revista Informativa da Unidade de Promoción e Desenvolvemento
Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo



EDITORIAL
UN ACHEGAMENTO ÓS CERTIFICADOS DE
PROFESIONALIDADE

ESCOLAS ABERTAS
A FORMACIÓN DAS MULLERES EN
ESPECIALIDADES DE TRAXECTORIA MASCULINA

Abril 2004

Páxina web da
revista Landra



Editorial

Nesta nova andadura, no que temos un ano e medio por diante, o equipo da UPD considera necesario seguir traballando en aras de difundir experiencias e opinións en materia de emprego, desenvolvemento sostible, igualdade de oportunidades, valorización do contorno social, natural, etc., a través de diversos instrumentos. E, sabendo e coñecendo os resultados e a difusión que a Revista Landra tivo durante estes últimos catro anos, a UPD quere seguir apostando e ofrecendo un instrumento que estea aberto á participación dos axentes implicados no programa de escolas e obradoiros e no desenvolvemento local, para fomentar e potenciar unha maior relación, dando a coñecer as múltiples actividades que realizan e as súas opinións en materias vinculadas coa creación de emprego.

Landra seguirá publicándose en formato dixital e sabendo que as novas tecnoloxías da información e comunicación aínda non están totalmente introducidas, sobre todo en espazos rurais, publicarase tamén en formato papel. Así mesmo, as seccións que contemplará, tal e como comprobaredes neste número serán Editorial,

espacio que o equipo da UPD utilizará para incidir en determinados temas que se deben contemplar na dinamización territorial en todos os ámbitos; Tribuna, sección destinada ós proxectos que na área da Mancomunidade de Vigo se están a executar en materia de emprego e desenvolvemento; Escolas Abertas, espacio que o equipo directivo dos proxectos de escolas e obradoiros pode empregar para difundir o seu proxecto; Obraquedobra, sección dirixida ás alumnas e alumnos destes programas para que contén as súas experiencias como participantes e incidan neste instrumento para a mellora da súa posterior inserción laboral, e, por último, a sección Apuntamentos que estará aberta a calquera persoa que queira ofrecer a súa visión sobre que accións se deben impulsar para dinamizar un territorio en aras de mellorar o nivel de vida e emprego dos seus habitantes.

Sabendo que este instrumento pode ser nos a todos útil, aproveitamos esta ocasión para animar a todos os implicados nestes programas de formación e emprego a participar activamente neste importante canal de comunicación e información, convidándovos, ademais a facernos suxestións para a mellora do mesmo.

Animamos a todos os implicados nos programas de emprego a participar na revista Landra

Tarxeta de ocupabilidade: unha ferramenta ó servizo da inserción laboral

Jose Méndez Pardo

Responsable de Sistemas de Información da MAIV

A innovación e as novas tecnoloxías son puntos fundamentais na creación de ferramentas no eixo da Inserción Laboral, froito destas naceu a Tarxeta de Ocupabilidade. Esta ferramenta foi desenvolvida polo proxecto Compás da Iniciativa Igual, e os seus obxectivos xerais céntranse na necesidade de identificar as persoas usuarias de Compás,

A tarxeta de ocupabilidade é unha das engranaxes principais da estrutura de traballo do proxecto

servir de carta de presentación para o empresariado e prover a maior cantidade de información posible no eixo da inserción. Así cada unha das persoas usuarias do proxecto posúe unha tarxeta persoal que como veremos neste artigo ábrelle as portas de tódolos recursos do proxecto.

O formato escollido é unha CD-Card (de oito cm de longo e 6 cm de alto) regrabada,

o que permite a súa actualización infinitas veces. O software empregado no seu desenvolvemento foi o Macromedia Director Mx con Xtras.

A tarxeta é unha das engranaxes principais da estrutura de traballo desenvolvida no proxecto e como tal conecta co resto dos recursos: a páxina web (www.proyectocompas.org), a Intranet e os centros antena. No referente o seu financiamento debe destacarse o patrocinio de Telefónica, que sufragou a maior parte da inversión e que referencia a calidade e validez do produto; tamén debe analizarse neste tipo de proxectos as vantaxes de posuír un patrocinador de ámbito nacional sobre todo pola boa acollida que ten no tecido empresarial.



CD-Card que contén a tarxeta de ocupabilidade do Proxecto Compás

Tribuna

A tarxeta é unha das
engranaxes principais da
estrutura do Proxecto Compás



un pequeno
resumo do
pro xecto
explicando a
finalidade do
m e s m o ,
mencionan-
do a entida-
de promoto-
ra, as empre-
sas colabo-
radoras e as
sedes do
proxecto.

Tribuna

O introducir a tarxeta nun lector de CD ou DVD visualízanse a través dun vídeo unha serie de imaxes e frases que definen as liñas principais do proxecto e permiten posicionar o interlocutor. No referente os contidos podemos diferenciar claramente dúas seccións: a sección xenérica e a sección personalizada.

1. **Sección xenérica**, emprazada na marxe esquerda, ten un contido igual en tódalas tarxetas e pretende recoller as principais liñas de actuación, así se divide en:

¿Qué é Compás?, onde se desenvolve

Empresa Colaboradora, onde se explican as vantaxes de ser empresa colaboradora do Proxecto Compás para integrar persoas traballadoras, incidindo nos beneficios que poden recibir ditas empresas.

Igualdade de Oportunidades, dentro de tódalas fases do proxecto aplícase un principio fundamental de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres no acceso ó emprego, neste punto son enumerados os obxectivos que se perseguen con estas accións.

Novas Tecnoloxías, outro dos eixes transversais do Proxecto Compás, destacándose como axuda na busca de emprego, enumerando as diversas accións realizadas ó respecto, tales como a base de datos de persoas usuarias, a web nacional (de acceso público e privado para persoas usuarias), a intranet, o uso do correo, etc.

Páxina Web, a web do proxecto compás (www.proyectocompas.org) visualízase desde o propio CD-card por aquelas persoas usuarias que desexen completa-la súa información acerca do proxecto sen a necesidade de empregar un navegador, ademais permite á persoa usuaria conectar coa zona privada da web de onde poderá consultar os seus datos, itinerarios, cursos, etc. dentro do proxecto (o acceso prodúcese facilitando o código da tarxeta e o Cif).

Sección xenérica do
CD-Card onde se
explica que é o
Proxecto Compás

2. Sección Personalizada, sitúase na marxe dereita e recárgase automaticamente nos centros antena do proxecto, isto quere dicir que a persoa usuaria pode actualizar o seu currículo levando a tarxeta a súa persoa orientadora dentro do proxecto. A recarga prodúcese cos datos da Intranet que están actualizados en todo momento. Os contidos desta sección poden visualizarse, imprimirse e editarse para a súa modificación posterior. A sección divídese en:

O meu currículo, neste apartado visualízase o currículo da persoa usuaria perfectamente maquettato segundo un deseño predefinido (o equipo de orientación decidiu usar un deseño desenvolvido por eles en detrimento do formato Europeo usado por outros proxectos), que mostra os datos persoais, formación reglada, formación ocupacional, formación complementaria, experiencia laboral e outros datos de interese.

As miñas Actividades, detállanse as actividades desenvolvidas pola persoa usuaria dentro do proxecto seguindo o itinerario establecido polo equipo de orientación e que permitiranlle definir mellor o seu perfil profesional.

Os documentos xerados nesta derradeira sección están en formato RTF por varias razóns:

Rápido de xerar, o formato de texto enriquecido xérase en menos dun segundo desde a Intranet, o que acelera enormemente a creación da tarxeta de ocupabilidade (Isto é moi importante considerando que o proxecto conta con máis de 1.000 persoas usuarias)

Fácil de modificar en contraposición a calquera outro formato, o RTF pode ser modificado pola propia persoa usuaria desde calquera computadora persoal, sendo numerosos os procesadores de texto

Sección personalizada da CD-Card onde se expón o Currículum do demandante de emprego

que poden manipular estes contidos.

Rápido de executar ó ser un formato tan lixeiro, polo que a carga desde a tarxeta non se demora o máis mínimo e o resultado é unha navegación áxil e rápida.

O Proxecto Compás foi seleccionado entre tódolos Equal españois como un dos 10 proxectos que realizou prácticas salientables en novas tecnoloxías, en concreto destacou a innovación introducida pola tarxeta de ocupabilidade. Desde a Fundación CTIC en Asturias e dentro da denominada Acción 3 da Iniciativa Comunitaria Equal, púxose en marcha o proxecto "E-goTIC - Grupo Observatorio Equal Tecnoloxías da Información e a Comunicación". O día 8 de outubro de 2004 realizouse unha xornada na que se presentaron os 10 proxectos seleccionados como salientables.

E-goTIC é un proxecto enmarcado dentro da Acción 3 da Iniciativa Comunitaria EQUAL, no que o obxectivo principal é, mediante a detección de boas prácticas en tecnoloxías da información e a comunicación, no universo de proxectos EQUAL españois, establecer as bases e o coñecemento necesario para utilizar as novas tecnoloxías no desenvolvemento de proxectos de intervención sociolaboral, emprego, recursos humanos e creación de empresas.

Tribuna

Axuntando esforzos de cara a inserción en Lalín

Ramón García Cordovés

Director do Obradoiro de Emprego "Ecolalín III"

Escolas alertas

Un dos principais obxectivos dun Obradoiro de Emprego e de calquera proxecto de emprego, é o de mellorar a empregabilidade dos usuarios e das usuarias que participan no mesmo, en aras de que ó remate da súa participación no programa teñan máis recursos para atopar un traballo adaptado as súas características (formación, autoestima, experiencia, etc.) e necesidades.

Esta premisa é o punto de partida dende o que, tanto o Obradoiro de Emprego Ecolalín III como o Concello de Lalín, iniciaron o labor de actuar cara a **inserción laboral** do alumnado traballador.

O que pretendo neste artigo, é explicar o enfoque que o equipo directivo e docente de Ecolalín III (Monitores/as, Titora, Mestra de O.I.L. e eu como Director), e técnicas do Concello de Lalín (Coordinadora de Formación e Técnicas Locais de Emprego), acordamos levar a cabo para mellorar os resultados da inserción laboral lograda no proxecto anterior, Ecolalín II (que foi entre a bruta e a neta dun 70 %). É importante dicir que se non fora pola predisposición das técnicas do Concello todo isto non sería posible.

Dende finais da 1ª fase (xa se está a mediados da segunda), iniciáronse varias reunións co fin de sumar esforzos e coordinar actuacións para que o alumnado traballador do O.E. Ecolalín III, se beneficien do maior número de recursos e accións no seu proceso de busca de emprego. Estas reunións, partiron dos resultados e traballos realizados o ano pasado no marco do proxecto Ecolalín II; o feito de que algúns dos monitores, a titora e o director do anterior proxecto volvamos estar en Ecolalín III permitiu continuar os contactos mantidos coas técnicas de Emprego municipais e, en definitiva, poñer en marcha esta iniciativa. Compre dicir, que como en calquera outro obradoiro, loitase con aspectos como: reticencia dalgúns empresarios a contratar a mulleres, cando a nosa realidade é que o 75% do alumnado é feminino; necesidade ou non dalgún alumnado de traballar ó finalizar o obradoiro; superioridade do salario do obradoiro en relación ó salario base das empresas e menor ou maior interese do alumnado pola especialidade que cursan.

Pretendo explicar o enfoque que o equipo directivo e docente de Ecolalín III e as técnicas do Concello de Lalín acordamos levar a cabo para mellorar os resultados de inserción laboral

Traballause
dende a primeira
fase na inserción,
axuntando
esforzos e
intercambiando
opinións a través
de reunións de
traballo do
chamado Equipo
de Inserción

Tendo todo isto en conta, a continuación enuméranse os pasos dados, así como o enfoque de traballo que se pretende seguir en Ecolalín III para favorecer a **inserción**:

a) Empezouse a traballar dende a primeira fase na inserción, axuntando esforzos e intercambiando opinións a través de reunións de traballo do chamado **Equipo de Inserción** (Rosa Carrero - Coordinadora de Formación, María Pérez e María Brea - Técnicas Locais de Emprego, Luz Parrado - Titora, Laura Fernández - técnica que imparte o módulo de Xestión de Emprego e Ramón García - Director).

b) Coñecer mediante entrevistas individuais as inquietudes e necesidades do alumnado traballador.

c) Facer unha avaliación inicial, do anterior estudo realizado, para

c. 1. Esbozar e desenvolver actuacións personalizadas integradas dentro dun Plan de Emprego Municipal.

c. 2. Coordinar accións levadas a cabo polo persoal do Concello e do obradoiro de emprego, tales como elaboración de bancos de empresas, contactos cos empresarios, demandas de traballadores, formación en orientación e inserción laboral, etc.

c. 3. Secuenciar e definir as tarefas a realizar, como por exemplo: xornadas de encontro entre alumnado e empresarios/as, envío de curriculums ás empresas relacionadas coas especialidades do obradoiro, acercamento ás empresas e mediación con elas, demostración da formación recibida e dos traballos realizados no obradoiro, implicación dos/as concelleiros/as nas actividades deseñadas, posta en práctica de accións coordinadas coa Concellería da Muller, valoración humana e técnica por parte dos/as docentes/as do obradoiro de emprego sobre o alumnado que participa en cadansúa especialidade, etc.

Como xa se mencionou con anterioridade, as accións a desenvolver van depender do previo análise da realidade e da colaboración e predisposición que teñan cada un dos/as profesionais que participan neste equipo de traballo, así como da maior ou menor implicación que poidamos conseguir dos Concelleiros/as municipais.

Escolas abertas

*Alumnado - traballador
do Obradoiro de
Emprego Ecolalín III*



As particularidades dun obradoiro promovido por unha Mancomunidade

"A Segorella III"

Dolores Piñeiro

Directora do Obradoiro de Emprego "A Segorella III"

Escolas abertas

"A Segorella III" é un Obradoiro de Emprego que se desenvolve na Mancomunidade do Salnés, sendo este organismo a súa entidade promotora, polo que o seu proxecto se desenvolve dentro dos concellos de Meaño, Meis e Ribadumia.

O obxectivo principal é o de proporcionar formación a 36 Alumnos-Traballadores nas diferentes especialidades impartidas: Albanelería, Carpintería e Recuperación e Interpretación Medio Ambiental, con 12 alumnos en cada módulo, ó tempo que se vai alternando esta formación con prácticas profesionais. Ademais, tamén reciben formación complementaria en Debuxo,

Orientación Laboral e Inicio á Informática. Pola contra, ós que non posúen o título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria (ESO), ofrecéselles a posibilidade de conseguilo, polo que se lles imparten clases para a súa obtención.

O proxecto forma parte da terceira fase dun obxectivo máis ambicioso denominado "As rutas da auga do Salnés", baseado na recuperación de muíños de auga que, dada a riqueza hidrográfica de Galicia en xeral e desta zona en concreto, son moi numerosos. O principal reto que se nos presenta é a restauración de 10 muíños, co fin de lograr que recuperen o seu aspecto orixinal e conseguir que pasen a enriquecer unhas rutas de gran importancia turística e cultural, que son o reflexo dunha parte do noso patrimonio sempre ligado á terra e á auga, conseguindo desta maneira un fermoso entorno para o lecer en plena natureza.

O proxecto contempla, ademais, a dotación de servizos (farois, papeleiras, mesas, pontellas, ...) para catro paseos fluviais e a construción dun pequeno edificio, feito en madeira e pedra para que estea completamente integrado no entorno, e que albergará unha cafetería e duchas.

A organización deste obradoiro de emprego está marcada por unha serie de factores que están a incidir de maneira importante no seu funcionamento:

Alumnado-traballador do Obradoiro de Emprego "A Segorella III"





*Alumnado-traballador
do Obradoiro de
Emprego "A Segorella III"*

denlle 4 meses no reparto do tempo. Os albaneis rotan cada dous meses, medio ambiente faíno cada mes e o módulo de carpintería non ten un tempo determinado. Sae a obra cando vai rematando os traballos no taller.

As instalacións teñen que ser compartidas cos alumnos da Escola Obradoiro "A Xuventude V", da que o concello de Cambados é a súa entidade promotora.

As obras realízanse nos tres concellos que integran a Mancomunidade.

O horario de traballo realízase en xornada de tarde: de 14 a 22 horas.

O feito de compartir instalacións require un esforzo de coordinación, sobre todo á hora de entrada no Obradoiro que é cando coincidimos coa Escola, para non ocupar os mesmos espazos. Sen embargo, a relación de respecto e colaboración que existe entre os alumnos e o persoal de apoio de ambos proxectos fai que non exista ningún tipo de problema á hora de utilizar as instalacións.

Outra cousa moi diferente é como organizar un proxecto que se está a desenvolver en tres concellos, sobre todo cando en algunha ocasión se ten un módulo traballando en cada un deles. Para isto, é importante dispor de lugares axeitados para gardar a pequena maquinaria e a ferramenta de man, para non perder tempo desplazandoa cada día. Normalmente a ferramenta de man gárdase nos muíños que xa están restaurados, mentres que para a maquinaria utilizamos as casas da cultura que existen nas parroquias e, incluso, as veces cóntase coa boa vontade dos veciños, que nos permiten dispor dos seus galpóns. O que tamén axiliza o traballo é o feito de que os alumnos saen en obra a maior parte dos días.

En principio a cada concello correspón-

De calquera maneira, existe unha certa flexibilidade por parte dos concellos que conforman a Mancomunidade do Salnés, en canto ó reparto do tempo para permitir que se cumpran os obxectivos fixados. Cando por mor de calquera inconveniente se necesita dun tempo extra nalgunha obra, temos unha marxe duns días antes de realizar o cambio de Concello.

O feito de ter un horario de tarde-noite dificulta a tarefa sobre todo nos meses de inverno, cando se reducen ó mínimo as horas de luz solar; polo que o traballo no exterior queda moi minguado. Sen embargo, este inconveniente sóese solucionar desprazando as clases teóricas da especialidade e as materias complementarias ás horas da noite. Especialmente se viu afectado neste caso o módulo de Medio Ambiente, xa que os días que se produciu unha choiva intensa (por sorte poucos neste inverno), tiveron que pasar practicamente todo o tempo nas instalacións do Obradoiro. Nestas ocasións, os profesores de complementarias, maiormente o de debuxo, sempre se prestaron a impartir algunha clase de mais, que logo será descontada cando volta o bo tempo.

Xa para rematar, só queda apuntar algo moi importante. O que fai que este obradoiro funcione debidamente é o contar cun equipo de profesionais moi implicados no proxecto e coñecedores do mesmo, así como contar tamén coa total colaboración dos Alumnos - Traballadores nel integrados.

Escolas abertas

Alumnos do obradoiro de Cerdedo falan sobre a situación do traballo forestal en Galicia

Obradoiro

"Son necesarios máis obradoiros con esta especialidade"

Coloquio-entrevista da titora do obradoiro de emprego de "Cerdedo", Ana María González Mora, con catro alumnas traballadoras da especialidade de traballo forestal: M^a del Carmen Barreiro Fraiz, M^a del Pilar Barros Garrido, M^a del Pilar Blanco Espiña, M^a Josefa Seijas Folla.

Titora: ¿Pensades que o traballo forestal que estades aprendendo é importante para a conservación dos montes?

Pilar Barros: Relativamente, porque o noso proxecto contempla a realización dunha ruta de senderismo.

Pilar Blanco: Non estou dacordo porque o que aprendemos aquí nos vai servir para calquer traballo: nós hoxe en día sabemos utilizar tódalas ferramentas e máquinas propias do traballo forestal. Ademais realízanse traballos de conservación (desbroce, poda, limpeza).

Carmen Barreiro: Sí é importante, porque na ruta limpáronse tramos ós que antes non se podía chegar, e que dan acceso a outros montes. Servirá de cortallumes, o que contribuirá á súa conservación

Josefa Seijas: Sí, supón unha zona recreativa que contribúe á conservación do monte. Este traballo faite tomar conciencia dun tema, para mín, antes descoñecido: que non era importante, non vía a relación entre os bosques e o medio ambiente. O monte estaba aí, e non se lle podía sacar proveito.

Alumnado-traballador do Obradoiro de Emprego de "Cerdedo"



Coinciden en que dende 10 anos para aquí, existen as comunidades de montes, máis concienciación e unha normativa para conservar a natureza. Antes o monte estaba máis limpo, transitábase polos seus camiños, era empregado para pastoreo e aproveitamento de estrume, o que contribuía á súa limpeza.

Titora: ¿Traballastes antes en algo relacionado co mundo forestal?

Pilar Barros: Sí a nivel familiar, na limpeza e desbroce de fincas e na plantación.

Carmen Barreiro: A miña experiencia e tamén familiar, participando na limpeza de carballeiras, realizando igualmente podas e clareos, e facilitando os accesos ás mesmas.

Pilar Blanco: A miña experiencia e máis a nivel de traballo agrícola, pero teño realizado plantacións co meu irmán que se dedica ó sector forestal.

Josefa Seijas: Nunca traballei neste sector, levo en España pouco tempo, pero non me é alleo o tema xa que meu pai era madeireiro en Venezuela. Alí tamén se están a notar as políticas internacionais pro-conservación do Medio Ambiente (todo aquel que corta un pé, planta outro ou ten que pagar).

Titora: ¿Sorpréndevos ou interésavos especialmente algunha das materias do traballo forestal?

Pilar Blanco: O tema da repoboación, coa que ves a evolución da planta, e contribúe a ter unha zona útil. Tamén interésame a micoloxía, participando e gañando premios nos concursos de setas, onde se teñen en conta a variedade e a presentación das mesmas.

Carmen Barreiro: O meu interese é xeral, mesmo na zona onde vivo, antes podía pasear polo monte, ir ó río..., agora está abandonada, con accesos intransitables. Alí mesmo fixeron un encoro e claro, nesa zona xa non te podes bañar...

Pilar Barros: O que máis me sorprende é rescatar especies da flora que están entre a



Alumnado-traballador
do Obradoiro de
Emprego de "Cerdedo"

maleza. Son partidaria da plantación, pero debemos coidar o que hai: desbrozando, limpando e protexendo as especies que xa existen. O monte rexenérase el mesmo, nós só temos que coidalo.

A nosa ruta de senderismo debe ser coidada despois de rematar o Obradoiro de Emprego.

Josefa Seijas: Gústame e sorpréndeme en xeral. Sobor de todo a conservación dos recursos naturais. Agradaríame moito seguir traballando neste campo.

Titora: ¿Cómo vedes o futuro do traballador forestal? ¿E o voso futuro profesional no campo do traballo forestal?

Josefa Seijas: O traballo forestal está en pleno desenvolvemento porque é importante en Galicia. Estase concienciando á poboación para mantelo porque dá rendementos económicos. É posible que, sendo un sector importante para a economía dun país, melloren as condicións de traballo, de feito créase a Consellería de Medio Ambiente, novas normativas, axudas e existe un maior control.

Intentarei que o meu futuro profesional se encauce cara este sector. E, pese a que está mal pagado, as condicións de traballo son mellores que , por exemplo, na hostalaría.

Pilar Barros: Opino que o sector forestal depende de subvencións europeas. Na actualidade o precio da madeira está baixo, e os intermediarios contribúen a que esta rendibilidade sexa escasa. As miñas preferencias profesionais encamiñanse máis cara a iniciativas adicadas a sementeiras, invernadoiros, etc.

Obradoiro

Alumnado-traballador
do Obradoiro de
Emprego de "Cerdado"



Pilar Blanco: Vexo o futuro do traballador forestal complicado, xa que é un sector no que hai moitos intereses creados. Gústame o traballo na natureza, pero sempre que me compense economicamente.

Carmen Barreiro: Opino que o salario do traballador forestal é moi baixo. Gústame este traballo e podería encauzarme por aí, sempre que sexa un salario que me permita vivir.

Titora: ¿Credes que hai suficientes profesionais adicados a este traballo (limpeza e conservación dos montes), tendo en conta a importancia que teñen os montes en Galicia?

Todas: Sí, e podería haber máis se realmente se lle deran ós montes galegos a importancia que teñen. É un sector que hai que impulsar tanto dende o ámbito público como do privado.

Titora: ¿Cál credes que é o estado de conservación actual dos montes e bosques en xeral?. ¿Están coidados?. ¿Están limpos?.

Todas: A conservación actual dos montes non pode ser boa xa que en Galicia o 68% da superficie de monte é privada, polo que, os seus propietarios os limpan se queren. Estes só reciben axudas económicas se a superficie supera as 3 Ha (pouco habitual en Galicia onde predominan os minifundios). O 30 % son montes veciñais en man común (reciben subvencións), e o 2 % son montes do Estado.

Están dacordo coa concentración parcelaria e con exportar máis a nosa riqueza.

Titora: ¿Pensades que a xente está o suficientemente concienciada con respecto á importancia dos bosques para o medioambiente?.

Pilar Barros: Nin concienciada, nin educada, nin axudada. En Galicia o predominio de minifundios fai que

sexamos individualistas.

Josefa Seijas: Non está concienciada de que é un interese xeral, o monte é o pulmón de calquera país, e estamos a danar a capa de ozono.

Carmen Barreiro: Sen bosque a terra se erosionaría.

Pilar Barros e Pilar Blanco: Non nos podemos olvidar da fauna. Así como da tala da árbores na veira do río.

Josefa Seijas: O mesmo que sucedeu co Sunami, arrincáronse os corais existentes e, ó non frear o caudal do río, producíronse riadas. É necesario manter o equilibrio hidrolóxico. Se se rompe a cadea, destruímos o planeta.

Titora: ¿Cál credes que é a causa principal dos incendios?

Todas: Hai intereses creados, intereses económicos: por exemplo preparar o terreo para o pastoreo, por outra banda existe a idea de que os madeiros queiman o monte para que a madeira saia máis barata. Estas situacións deberían rematar. Ademais en Galicia existe a "cultura do lume" e así temos como causas a pirómanos, enfrontamentos persoais con vecinos, etc

Titora: ¿Hai forma de previlos e evitalos?

Pilar Blanco: Concienciando á xente de gardar medidas de seguridade á hora de queimar, xa que debemos esforzarnos en cumprir as instrucións que indican os permisos de queimas. Tamén creando cortalumes.

Pilar Barros: A mellor prevención é a limpeza e conservación do medio natural. Se a superficie está a mato, un pequeno descoido na queima, vóltase moi difícil de atallar.

Carmen Barreiro: É importante que o monte estea limpo e por parte da Administración realizar máis queimas controladas, como medida preventiva.

Josefa Seijas: Hoxe en día temos novas alternativas á queima de restos, que son o desbroce manual e a trituración con máquina rozadoira.



Todas: Preguntámonos: ¿interesa realmente que se terminen os incendios?. Xa que do monte vive moita xente e xenera emprego.

Titora: ¿Pensades que o voso traballo é importante para a prevención de incendios?.

Todas: Si, porque habilitamos accesos a outros montes, limpamos as zonas de mato ... a ruta en sí mesmo funciona de cortalumes.

Titora: A parte dos incendios, ¿qué outras ameazas pensades que teñen os bosques? O abandono, a repoboación con especies non autóctonas, a edificación, etc.

Pilar Barros: Pragas e enfermidades non controladas, moitas veces a causa de podas mal realizadas e de deixar os restos das podas sen recoller o que fai que proliferen os insectos perforadores.

Carmen Barreiro: A corta incontrolada, sen esperar turnos que aseguren a existencia de exemplares no monte de varias idades.

Pilar Blanco: A repoboación dos montes con especies non autóctonas supón o risco de que sexan atacadas por pragas ó non existir inimigos naturais que combatan ditos insectos.

Titora: ¿Credes que a administración pública debería desenvolver outras normativas, ou tomar outro tipo de medidas para unha máis efectiva protección dos espazos forestais?

Todas: Sí, agora existe normativa ó respecto: así por exemplo, a Lei 9/2001 do 21 de Agosto [Lei de Conservación da

Natureza], cuido obxectivo é a protección, conservación, restauración e mellora dos recursos naturais, outras leis como son a Lei de Montes, que regula os aproveitamentos forestais, a titularidade dos montes e tamén a Lei de Incendios, que establece medidas de prevención. Consideramos que son completas sempre que se cumpran, aínda que, como xa referimos antes, ó existir unha porcentaxe tan elevada (68 %) de montes privados, os propietarios non teñen obriga de manter os montes limpos, polo que as axudas neste caso, deberían ser obxecto de atención prioritaria por ser a maioría do territorio existente en Galicia.

Titora: ¿Qué opinades da repoboación dos montes con especies non autóctonas como o eucalipto?.

Carmen Barreiro: Repoboaría con carballos, castiñeiros ou piñeiros pero nunca con eucaliptos.

Pilar Barros: O eucalipto medra rápido e da ganancias pero empobrece o solo xa que absorbe moita auga e moitos nutrientes.

Titora: ¿Cómo vedes o futuro dos montes en Galicia?.

Josefa Seijas: Para o Estado vai adquirindo máis importancia, polo que son optimista. Ademais merece especial atención en Galicia pola superficie de monte que temos.

Pilar Barros: Quero pensar que o monte debe ser algo propio da comunidade, próximo, que nos pode dar unha mellor calidade de vida, e sentilo noso sen, por elo, deixar de ser rendable e sempre coa obriga de coidalo e respetalo.

Pilar Blanco: Se necesita unha maior concienciación e fomentar a educación nos máis xóvenes, a isto contribúen a celebración de datas como o "Día da árbore" e o "Día do Medio Ambiente".

Carmen Barreiro: Hoxe en día existen carballeiras que son auténticas escombrireas e debería existir un maior control, pero ademais das medidas da administración, debemos empezar por ter un compromiso individual no tema do medio ambiente.

Obraguedobra

As mulleres no marco dun obradoiro de emprego

Reflexións desde a propia experiencia

Obradoiro

Ana Isabel
Moraña,
Maricarmen
Piñeiro,
Mercedes
Gómez, Rosa
Aval e
Emérita Diz



O presente artigo recolle as inquedanzas de alumnas traballadoras do obradoiro de emprego de Portas. Trátase de cinco mulleres que por primeira vez toman contacto co mundo laboral e, nalgúns casos, o feito de que no proxecto se lles estea capacitando para ocupacións tradicionalmente masculinas, faílle formularse interrogantes...

As voces escritas son de Ana Isabel Moraña Fontán (xardinería); Maricarmen Piñeiro Caramés e Mercedes Gómez Liñeiras (albanilería); Rosa Aval Barreiro e Emérita Diz Crestar (carpintería). Para a redacción contaron co apoio da directora e titora do proxecto, Purificación Ferro Varela e Angela Pol Lis, respectivamente.

Como cada día a iso das 11:00 horas, reunímonos para descansar. Hoxe 15 de febreiro, por casualidade, coincidimos aquí sentadas Ana, Maricarmen, Mercedes, Rosa e Emérita. A conversa xira entorno ós medos que todas tiñamos antes de comezar e as nosas sensacións durante estes 7 meses.

Quizais polo feito de que acabamos de iniciar a 2ª fase del Obradoiro, é un bo momento para facer balance. Balance sobre o que este obradoiro supón para nós, 5 mulleres sen experiencia laboral previa, sen

formación específica para o desenvolvemento dun traballo remunerado, e nalgún caso sen ter os estudos básicos acabados.

Coincidimos todas no mesmo, aínda que o apunte neste caso o fai Mercedes: iqué sorte ter sido seleccionadas para formar parte do obradoiro! Maricarmen, comenta que foi unha ocasión inmejorable para encontrar traballo, a pesar de que era unha opción que xa algunha de nós desestimara, ben pola idade ou ben pola falta de formación profesional.

A proposta que se nos facía na selección do alumnado, era que durante un ano íamos a desenvolver un traballo, teríamos unha formación axeitada, e ademais se nos ofrecía a posibilidade de acabar os estudos interrompidos, en esquecer a cuestión económica. Unha boa oportunidade que non debíamos perder.

Entre bocado e bocado, agora era o momento das risas, sobre todo recordando cando nos dixeron de que módulos formaríamos parte. ¡Elixíramos todas xardinería!, e sen embargo salvo Ana, as demais nos tocara albanería, a Mercedes e Maricarmen; e carpintería, a Emérita e a min. Xardinería pois nos parecía a especialidade máis adecuada para unha muller, valorábamos que ser un oficio para o que estabamos máis preparadas, pois todas tiñamos experiencia traballando a terra e ademais quizás teríamos mais posibilidades para conseguir un traballo ó finalizar o obradoiro.

Para as nosas familias, que nós desenvolvamos un traballo nun ámbito tradicionalmente masculino, só supón a percepción dun soldo durante un ano e realizar algunha "chapuza" en casa. Non ven claro que poida ter transcendencia a nivel profesional. Dende logo foi unha "realista e entusiasta" acollida pola súa parte, pero decidimos seguir adiante, facelo o mellor posible e deixar transcórre o tempo.

Iniciábase o obradoiro e con el as clases de formación teórica, a práctica e o traballo en obra. E aparecen as dificultades.

¿Cales son as principais dificultades que xorden?.

Coñecer cómo se fai o formigón, saber regresuar un taboleiro, levantar un tabique, ou realizar un ensamble, non supón unha dificultade aparente. O principal obstáculo é superar a falta de confianza en nós mesmas, nos nosos coñecementos, na nosa capacidade, tomar decisións para "sacar o traballo adiante" de forma autónoma, sen a continua presenza do monitor ou dun compañeiro que nos confirme que o que fixemos está ben.



Alumnado-traballador
do Obradoiro de
Emprego de "Portas"

Aquí xogan un papel moi importante os nosos compañeiros, apoiándonos e animándonos, axudándonos e non substituíndonos, deixando de lado os paternalismos e véndonos como compañeiras, con menos experiencia pero coa mesma responsabilidade e capacidade. ¿Pero onde está a diferenza máis significativa? Sen dubida no rendemento. Eles traballan, en xeral, con maior rapidez, é lóxico, teñen máis práctica, pero en canto a acabados nós somos mellores.

Respecto á futura inserción profesional, gustaríanos seguir traballando nisto. Somos conscientes do que avanzamos, do que aprendemos e do que nos queda por aprender, de que estamos perfectamente integradas no noso traballo e podemos desempeñalo eficazmente, pero ¿é realista pensar que podemos formar parte dunha cuadrilla de albanéis? ¿traballar nun taller de carpintería? Sinceramente non nos gustaría ser as únicas nun grupo de homes. É un prexuízo que non temos superado, aínda que cremos que esta situación esta cambiando e é responsabilidade nosa acelerar no posible este cambio.

Así que sentímonos tristes só de pensar que en xuño isto se acaba.



Alumnado-traballador
do Obradoiro de
Emprego de "Portas"

Obradoiro

A rehabilitación da antiga Escola Unitaria da Pantrigueira

Ana Belén Diz García

Alumna do Obradoiro de Emprego "Vilanova de Arousa II"

Obradoiro

*Alumnado-traballador do
Obradoiro de Emprego
"Vilanova de Arousa II"*



A rehabilitación do edificio da antiga Escola Unitaria da Pantrigueira supón para min unha alegría, xa que non me gustaba ver como día a día o edificio se deterioraba e levaba a zona a un aspecto que podía considerarse de abandono.

Ós que estudaron alí e sobre todo ós veciños do lugar onde está emprazada a escola gústanos ver que o Obradoiro de Emprego está a traballar na súa rehabilitación, porque se lle poden dar moitos novos usos, lugar para as reunións veciñais, centro de formación múltiple, lugar de actividades variadas tanto para adultos como para nenos, etc. Coido que cunha boa coordinación poderíanse realizar múltiples activida-

des en función das necesidades de cada momento.

A miña irmá, Rosa, está moi contenta co feito de que o noso obradoiro estea a restaurar este edificio, pois como antiga alumna da escola lembra ter pasados moi bos momentos alí. Recorda que estudou co profesor Carlos Álvarez Purga, hoxe un grande entendido en micoloxía, no ano 1969, que impartía as clases facendo saídas ó campo e buscando a relación do neno co seu entorno. Segundo Rosa, había 15 nenas e uns 18 nenos na escola e con algúns destes aínda mantén contacto pois moitos deles son veciños.

Así mesmo a miña irmá lembra que as nenas estaban separadas dos nenos e que incluso as castigaban se non facían as tarefas encomendadas e que repetían curso se non estaban preparados para pasar ó seguinte. Polas tardes e en época de vacacións o patio da escola servía de parque de xogos para os nenos e nenas do lugar.

Segundo nos contou Dona Victoria, profesora nese centro dende o ano 1970 ata que pechou no ano 1998, a Escola Unitaria foi inaugurada no ano 1969 como Escola Unitaria Igrexa - Deiro, onde estaban separados os alumnos por sexos en idades de 6 a 8 anos.

A dirección estaba na Graduada de Viñagrande - Deiro, que é da que dependía de forma administrativa e educativa. Cas reformas educativas do ministro Villar Palasí, formáronse os grupos mixtos. Os niveis a



Antiga Escola Unitaria da
Pantrigueira

Obraguedobra

impartir eran 1º, 2º e 3º e debido ó número de nenos inscritos xuntáronse nunha aula os de 1º e noutra os de 2º e 3º. Salientar tamén que a esta Escola Unitaria só accedían nenos da zona de Caleiro e de San Miguel de Deiro.

O edificio constaba de dúas aulas, cada unha coa súa vivenda. Dona Victoria viviu dende o principio, na vivenda que correspondía ás nenas situada na primeira planta, ata o ano 2001, e a vivenda correspondente ós nenos, a que era para o mestre, foi ocupada só de forma ocasional, durante 7 anos .

No ano 2002 é cando o Concello solicita as entidades correspondentes a desafectación para poder rehabilitar o edificio e crear alí un Centro de Formación de uso municipal.

A Escola Unitaria da Pantrigueira está emprazada nunha zona de certa altura, antigamente con vistas a ría de Arousa, e asentada sobre unha laxe que no seu momento serviu de eira para o mallado de trigo por parte dos veciños da zona; por ser soleado e de uso común servía tamén como centro de reunión nos momentos de ocio.

**Miña irmá lembra
que nenas e
nenos estaban
separados e que
incluso as
castigaban se
non facían as
tarefas**

Un exemplo de colaboración entre a administración pública e o empresariado

O Plan Experimental de Emprego de Mos

Silvana Martínez Rodríguez

Técnica de Orientación Laboral da UPD

Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo

Apuntamentos

*Francisco Javier Domínguez,
Silvana Martínez, Gerardo
Alonso e José Mañas*



O pasado mes de febreiro un equipo da UPD desprazouse ata o Centro de Desenvolvemento Local de Mos (CDL) co fin de entrevistarse coa entidade promotora e copromotora do Plan Experimental de Emprego desenvolvido nese concello, a propia administración local e a Asociación de Empresarios de Mos (AEM), respectivamente.

Na conversa estiveron presentes os responsables institucionais, é dicir, o concelleiro de emprego, Gerardo Alonso, e o Presidente da AEM, José Mañas, así como persoal técnico facilitador directo do deseño e execución do plan, en concreto, por parte da AEM, Francisco Javier Domínguez e, polo concello, quen escribe.

Esta iniciativa
favoreceu a
empregabilidade
de 75 persoas
desempregadas
de Mos co
deseño dun
itinerario
personalizado de
busca que
contemplaba
accións
individuais e
grupais


Aínda que probablemente o Plan de Emprego de Mos é xa coñecido por moitos e moitas dos que estades ler este artigo, débese sinalar brevemente que estamos a falar dunha iniciativa de emprego aprobada no marco dunha convocatoria da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais dirixida á posta en marcha de Plans Experimentais de Emprego.

Esta iniciativa que tivo unha vixencia de apenas 5 meses - dende agosto ata decembro de 2004-, favoreceu a mellora da empregabilidade e nun alto porcentaxe o acceso a un posto de traballo, de 75 persoas mosenses en situación de desemprego a través do deseño dun itinerario personalizado de busca que contemplaba unha batería de accións tanto individuais (entrevistas personalizadas) como grupais (sesións de desenvolvemento persoal, formación acorde coas demandas empresariais, sesións de busca activa de emprego e prácticas en empresas), así como un labor paralelo de achegamento ás empresas da zona cara o coñecemento exhaustivo das demandas ocupacionais e formativas. En relación a

esta última liña de actuación, Francisco sinala que "nos apoiamos no tecido empresarial para poder dirixir o plan cara ás necesidades do mesmo".

Este plan caracterizouse por ser un proceso curto no tempo pero madurado día a día, tratando de analizar e contemplar todas aquelas variables internas ás persoas (intereses, necesidades, competencias, barreiras persoais, etc.) e externas a elas (situación do mercado laboral, tipoloxía de perfís demandados polas empresas, condicións laborais, etc.) en aras de alcanzar o punto de interconexión no que situar á persoa desempregada con opcións a acadar un posto de traballo acorde coas súas competencias e coas esixidas pola empresa contratante, en definitiva, a adecuación entre a demanda e a oferta de tal maneira que ambas partes saísen beneficiadas e satisfeitas.

Porcentaxe de
Inserción obtida no
Plan Experimental
de Emprego de Mos



Apuntamentos

Apuntamentos

Insercións obtidas no Plan
Experimental de Emprego de
Mos segundo as accións
desenvolvidas no proxecto

Neste senso, unha das intencións do encontro xiraba entorno ó interese por desfacer o quebracabezas deste Plan de Emprego no que un pode visualizar os resultados moi satisfactorios tanto cualitativa como cuantitativamente, pero que detrás están as pezas que o conforman e que case ninguén coñece. Pezas que representan os esforzos, a iniciativa, o interese e implicación amosada e as horas dedicadas por a totalidade dos actores que directa ou indirectamente participaron ó longo desta iniciativa: lease técnicos/as, pero tamén o empresariado e como non as propias persoas participantes- un cúmulo de condicións, sinaladas reiteradamente por cada unha das persoas presentes na entrevista, que fixeron posible recoller os froitos dun esforzo conxunto.


A importancia de incorporar ó empresariado nas políticas activas de emprego.


Neste espazo de diálogo e reflexión, no que cada un puido expresar abertamente as súas opinións, saíron á luz os porqués desta colaboración estreita entre o tecido

A comunicación entre o empresariado e a administración non se dá coa frecuencia desexable

empresarial da zona e a entidade local promotora desta iniciativa. Comunicación bidireccional favorecedora dun traballo conxunto que aínda que a primeira vista pareza doada de lograr, a realidade no marco das políticas activas de emprego demonstra que non se dá coa frecuencia desexable

Sen embargo, escoitando frases como "Se o obxectivo principal é insertar no mundo laboral ás persoas que formamos, temos que contar co mundo empresarial (...) Vin con total claridade a necesidade da colaboración coa Asociación de Empresarios", por parte de Gerardo Estevez ou, en palabras de José Mañas, "A relación establecida co concello e, en concreto, co CDL é importante é necesaria (...) dende o principio tivemos claro que debíamos solicitar ós nosos asociados que creran nesta forma de favorecer a inserción, nos dimos conta que é de sentido común que se coñezan as demandas das empresas e preparar ós e ás demandantes acorde ás mesmas" unha percibe que o escollo que supón crear unha boa relación que dea paso a colaboración estreita entre unha administración pública con competencias en materia de emprego e un organismo empresarial cabeza visible de todo un tecido, foi facilmente superable no caso do Plan Experimental de Emprego de Mos. Quizá sexa porque neste cumpríuse unha condición "sine qua non": converxeron dúas persoas, concelleiro e presidente, con ganas e interese por camiñar xuntos en prol do emprego e o desenvolvemento local. Vínculo que ambos técnicos recoñecemos como positivo e necesario, "de nada vale o que eu pense como técnico se non o defenden e cren nel os que teñen o poder de decisión para levalo a cabo", comenta Francisco, ideólogo da filosofía inicial que impregna este plan de emprego, ó recordar a época na que tras transmitir as súas ideas a Gerardo e José Mañas comprobou que a resposta por ambas partes foi totalmente positiva e "facilitadora".





presidente da AEM de que "moitas asociacións empresariais están falando con-nosco para saber como levamos a cabo esta colaboración" albisque un futuro no que o empresariado sexa o primeiro interesado en participar activamente nas diferentes accións en pro do emprego.

En xeral, as persoas que profesionalmente estamos vinculadas directa ou indirectamente coas accións de formación e emprego, percibimos que un dos hándicaps que están dificultando o acceso ós postos de traballo existentes, así como a continuidade nos mesmos e, en último termo, a dinamización do mercado laboral é a desvinculación que se dá entre a formación, as accións favorecedoras e potenciadoras de emprego, os programas e proxectos dirixidos a apoiar ás persoas desempregadas na busca de emprego e o tecido empresarial. É básico contar coas opinións de quen ten a capacidade e potestade para contratar xa que ninguén mellor que eles saben cáles son os coñecementos, capacidades, habilidades e actitudes desexables nun futuro traballador, competencias que variarán en función do sector, da actividade, das características das empresas, da zona xeográfica na que estas se empracen, etc. Polo tanto, quen xestiona e desenvolve políticas activas de emprego debe recoller esas demandas e adaptar as accións as mesmas, e este labor de prospección debe partir dende o local, xa que a experiencia nos di que as persoas tenden a buscar emprego o máis preto posible ó seu ámbito de residencia.

Seguramente, que un concelleiro de emprego sinala que o positivo da acción desenvolvida está en "que concello e asociación de empresarios foron da man", favoreza que dende as administracións e organismos competentes se potencie o diálogo e o consenso entre os diferentes actores.

Seguramente, o feito comentado polo

Seguramente, non debemos esquecer que detrás tamén está o "bo facer dun equipo técnico", (Gerardo e José Mañas), que agradece a posibilidade que brinda esta actuación conxunta.

Existe unha desvinculación entre a formación, as accións potenciadoras de emprego, os programas e proxectos de apoio a desempregados e o tecido empresarial

En definitiva, seguramente os resultados obtidos polo Plan Experimental de Emprego de Mos sirvan como exemplo para que outros repitan a experiencia, en Mos están por continuar nesa liña de traballo. Que isto se traduza na creación de emprego, a poder ser estable e de calidade.

Apuntamentos

O papel das escolas e os obradoiros nos programas de desenvolvemento rural

Mario Soliño Millán

*Investigador en Economía dos Recursos Naturais e Ambientais
Universidade de Vigo*

Apuntamentos

A substitución do modelo de xestión forestal galego tradicional (baseado na autosuficiencia e na multifuncionalidade) por un modelo orientado ó mercado, provocou a expansión das plantacións con especies de crecemento rápido en detrimento de especies autóctonas de coníferas e frondosas. Certas sinais de mercado, como por exemplo o maior quenda de corta ou un diferencial negativo do prezo do pino respecto ó eucalipto, repercutiron na elección de especies á hora de efectuar unha reboación, pro-

vocando unha substitución paulatina do pino polo eucalipto.

Ante este modelo de xestión que podemos caracterizar como ineficiente, pode ser o momento oportuno para formular

un novo sistema forestal no cal o uso madeirable sexa compatible coa multifuncionalidade. Falariamos entón dun cambio no modelo de xestión que, ademais de contemplar os usos madeirables, preste aten-

ción a outros usos que poden xerar beneficios para a sociedade. Isto xa se ven facendo no Reino Unido a través dos programas de desenvolvemento rural do sector forestal, respondendo ás crecentes demandas da poboación polos bosques, que son percibidos como fonte diversa de beneficios sociais (mellora de recursos hídricos, conservación da cuberta vexetal, limpeza da atmosfera, usos recreativos e paisaxísticos, xeración de emprego e fixación de poboación rural, etc.)

Os programas de desenvolvemento rural buscan prioritariamente fomentar o emprego local e xerar beneficios para unha parte da poboación que se está vindo empobrecida e "obrigada" a abandonar o medio no que viven. A través de programas agroambientais como os de reforestación e ordenación de montes arborizados poderíase incrementar a renda da poboación rural-local a través de subvencións e, ó mesmo tempo, axudar a reorientar o gasto actual (baseado en axudas á produción) cara un sistema de axudas ambientais que favorezan o desenvolvemento rural. Entón, o éxito da política forestal débese traducir na adaptación da poboación local ás novas demandas sociais, entre as que destacan as relacionadas co medio ambiente.



Alumno/a - traballador/a da especialidade de forestal

Nesta línea, no Regulamento (CE) 1257/99 de desenvolvemento rural dise que "os instrumentos agroambientais deben desempeñar nos próximos anos un papel fundamental para apoiar o desenvolvemento sostible das zonas rurais e responder á crecente demanda na sociedade de servizos medioambientais". Nesta reforma o sector forestal, polo seu carácter integrador, ocupa unha posición de primeira orde, sendo necesario establecer os mecanismos necesarios para manter unha silvicultura sostible en certas rexións desfavorecidas.

No citado Regulamento tamén se afirma que "o réxime de axuda agroambiental debe seguir impulsando ós agricultores para que, no interese da sociedade no seu conxunto, introduzan ou manteñan o uso de prácticas agrícolas que sexan compatibles coa crecente necesidade de protexer e mellorar o medioambiente, os recursos naturais, a diversidade xenética e do solo e de conservar a paisaxe e o campo".

Non debemos esquecer que a participación e o esforzo duns poucos (propietarios das terras) en programas agroambientais xeraría bens e servizos ambientais para a sociedade no seu conxunto. Por tanto, desde un punto de vista social xustificárase a articulación dun sistema de axudas públicas que compensasen en certa medida os beneficios derivados das súas actuacións solidarias de cara á conservación do noso Patrimonio Natural (de todos nós e das xeracións futuras). Nada mais nin nada menos que beneficios recreativos, biodiversidade de fauna e flora, climáticos, desenvolvemento e emprego rural, beneficios sobre a auga e o solo, etc.

A participación en tales programas implicaría que os propietarios deben asumir un custo de oportunidade que, dependendo do uso ou explotación dos seus terreos, poderíase traducir tanto nunha perda de renda actual líquida ou "lucro cesante", coma nun custo de oportunidade derivado das limitacións no uso futuro da terra. As compensacións económicas xogan un papel decisivo para a participación neste tipo de políticas e, para alcanzar os obxectivos fixados, deberían ser consensuadas

polos axentes que, voluntariamente, participarán activamente no programa e desenvolverán as medidas que se contemplan no mesmo.

Entón, faise necesario realizar un diagnóstico do problema recorrendo á participación dos axentes implicados e outros coñecedores do tema abordado, axudando desta forma a establecer as prioridades de actuación pública. É dicir, antes de por en marcha calquera programa agroambiental é necesario recompilar diferentes valoracións acerca dos cambios propostos, tanto de expertos, axentes de desenvolvemento e técnicos na materia en cuestión, como do público en xeral e dos propietarios en particular. Pois un exercicio previo de elaboración e diagnósticos precisos das opinións dos afectados conforma un factor crucial para o cumprimento eficaz dos obxectivos establecidos.

É precisamente neste proceso de deliberación e consulta onde a información constitúe un elemento de primeira orde. Para transmitir tal información é salientable o papel que poden desempeñar as "Escolas Obradoiro" e os "Obradoiros de Emprego". Estas permiten xa non só informar, senón tamén preparar ós agricultores e ós propietarios forestais nas actividades a desenvolver. Ademais, axudan ó áxil desenvolvemento dun proceso participativo pois facilitan, ordenan, transmiten e explican de forma sinxela a gran cantidade de información que se manexa neste tipo de programas que, por outra banda, non sempre é doada de entender.

Finalmente, pode que o proceso deliberativo acabe apoiando ou rexeitando tal programa agroambiental. Nembargantes, sexa cal sexa o resultado final, o papel das Escolas Obradoiro e os Obradoiros de Emprego no proceso de participación sempre será útil e as autoridades públicas disporán de información sobre a viabilidade do programa deseñado e, por tanto, dunha xustificación para realizar ou non un gasto que, recordemos, é público e, por tanto, derivado da aportación de toda a poboación.

A incidencia do obradoiro de emprego no zoo de Vigo

Apuntamentos

Fernando Carballo Villar
Director-Xerente de VigoZoo

*Alumnado-traballador do
Obradoiro de Emprego
"Vigozoo II"*

O Organismo Autónomo "Parque das Ciencias Vigo-Zoo", como entidade municipal que depende do Concello de Vigo, acolle desde xuño do pasado ano ó Obradoiro de Emprego "VigoZoo II".

No noso Parque xa existía a experiencia de dispoñer dun programa de emprego municipal, xa que no ano 2002 levouse a cabo un primeiro obradoiro de emprego, naquela chamado "VigoZoo I".



*Alumnado-traballador do
Obradoiro de Emprego
"Vigozoo II"*



É precisamente esa experiencia a que nos permitiu arranxar as dificultades que supoñía poñer en marcha un programa deste tipo, que significaba introducir uns 50 traballadores na organización de traballo do propio parque, que conta unicamente cun total de vintetres traballadores no cadro de persoal.

Por tanto, a primeira incidencia consistiu nesa coordinación de traballadores, xa que en moitas ocasións no lugar físico de traballo os medios materiais a utilizar tiñan que compartirse entre o persoal do obradoiro e o de Vigozoo. Sen embargo, solucionouse perfectamente dito problema por parte dos responsables do obradoiro e dos participantes no mesmo.

Outra das incidencias que houbo que ter moi en conta foi con respecto ó traballo que

hai que realizar nun parque zoolóxico, xa que este tipo de instalacións posúen unha serie de peculiaridades moi específicas.

Desde o primeiro momento establecéronse as normas sobre o modo de traballar, tendo en conta cousas como que existen animais en liberdade, que se traballa nun lugar con acceso a un público que paga unha entrada por visitarnos, etc.

Con estas premisas superadas, o labor que realiza no noso parque o obradoiro de emprego é fundamental para a reforma que se está a realizar no zoológico. As modalidades de albanería, carpintería e xardinería permiten complementar o traballo que realizan os nosos traballadores e conséguense realizar tarefas que a nós levaríanos un tempo do que non dispoñemos ou levar a cabo actuacións que polo seu elevado custe suporíanos a práctica imposibilidade de realizalas. En definitiva, conséguense os obxectivos que o parque define á hora de

solicitar este tipo de programas e que constitúen un éxito, tendo en conta que os alumnos na súa grande maioría acadan os coñecementos teóricos e prácticos da súa actividade nos doce meses que dura esta experiencia.

De feito xa estamos traballando no próximo obradoiro para darlle continuidade a un proxecto iniciado no ano 2002, que tivo a súa continuación no ano 2004 e que espero continúe no 2006.




Alumnado-traballador do
Obradoiro de Emprego
"Vigozoo II"

Apuntamentos



Alumna - traballadora do
Obradoiro de Emprego "Vigozoo II"

UNIDADE DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO



landra



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS,
EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS
Dirección Xeral de Promoción do Emprego

